



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección pública nos gobernos locais

Materia	Dirección pública nos gobernos locais			
Código	P07G092V01308			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	López Mira, Álvaro Xosé Martinez Arribas, Fernando			
Profesorado	Martinez Arribas, Fernando			
Correo-e	fernando.martinez@uvigo.gal almira@uvigo.gal			

Web

Descrición xeral	<p>A complexidade institucional é un dos elementos máis relevantes dos gobernos e as administracións públicas de todo o mundo. No caso dos gobernos locais esta complexidade incrementase polo tanto polo proceso de globalización que se desenvolve dende vai décadas, como pola necesidade que ten a cidadanía de apoio as súas vidas cotiás en forma de mellores políticas e servizos públicos.</p> <p>Para conseguir gobernar os concellos e as deputacións españolas e galegas faise preciso pois desenvolver unha serie de competencias sobre dirección pública local que desborda as clásicas capacidades xurídicas e económicas formais (normas) para pasar a desenvolver modelos de competencias directivas centradas nos problemas públicos e nos cidadáns ás que hai que axudar a través dunha acción pública profesional, sostible, transparente, efectiva e ética. O marco da Axenda 2030 e as ODS, en especial o 11, 16 e 17 servirán de guía para este desenvolvemento competencial.</p> <p>Este é o reto da materia "dirección pública nos gobernos locais" que consiste en crear un marco específico de dirección pública profesional para un nivel de goberno e administración cada vez máis necesario para a cidadanía e máis necesitado de formación e entrenamento directivo.</p> <p>Ao finalizar a materia, o estudiantado estará capacitado para:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Identificar, contextualizadamente, os elementos conceptuais, políticos, institucionais e administrativos dos gobernos locais. 2. Describir os contidos referidos relativos aos gobernos locais. 3. Identificar e resolver problemas reais e ficticios respecto dos distintos gobernos e administracións locais (europeos, españois e galegos). 4. Aplicar casos comparados das funcións directivas propias dos niveis territoriais locais 5. Liderar con empatía os equipos de traballo propios dos gobernos e administracións locais dende as escalas directivas
------------------	---

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima

B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B5	Razonar criticamente
C5	Descibir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C6	Aplicar os coñecementos relacionados coa planificación e a xestión administrativa para unha óptima gobernanza
C7	Deseñar e implementar ferramentas de xestión dos recursos humanos nas organizacións
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira
D3	Sensibilizarse con temas medioambientais
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima	B2
Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares	B3
Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público	B4
Razonar criticamente	B5
Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da A1 base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo	
Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo	A2
Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	A3
Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado	A4
Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía	A5
Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria	D1
Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira	D2
Sensibilizarse con temas medioambientais	D3
Integrar a aprendizaxe autónoma	D5
Adaptarse a novas situacións	D6
Descibir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía	C5
Aplicar os coñecementos relacionados coa planificación e a xestión administrativa para unha óptima gobernanza	C6
Deseñar e implementar ferramentas de xestión dos recursos humanos nas organizacións	C7

Contidos

Tema	
1. Introducción conceptual sobre os Gobernos e Administracións Locais en Europa	1.1. Marco comparado dos gobernos locais en Europa 1.2. O caso de Portugal e España
2. España e Galicia. O enfoque intergubernamental e de redes aplicado os mesmos	2.1. Modelos de relacións intergubernamentais nos concellos en España 2.2. Modelos de relacións intergubernamentais nos concellos de Galicia 2.3. Redes de concellos en Galicia
3. Marcos institucional e político-administrativo do Goberno e a Administración Local en España e en Galicia e a función directiva	3.1. Dimensión de Goberno 3.2. Dimensión de Administración: 3.2.1. Funcións Directivas 3.2.2. Competencias Directivas
4. Conclusións e tendencias: o local ante os retos da descentralización subestatal, a integración europea e a globalización	4.1. A gobernanza global e local en Europa 4.2. Contribución dos gobernos locais á gobernanza cosmopolita

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	50	16	66
Estudo de casos	23	33	56
Foros de discusión	15	8	23
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Observación sistemática	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Foros de discusión	Actividades nas que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia.
Foros de discusión	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención as súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vencellados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Proba na que un alumno/a debe analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	40	A1 C5 A2 C6 A3 C7 A4 A5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada.	40	A1 B5 A2 A3 A4 A5
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado.	20	B2 C5 D1 B3 C6 D2 B4 C7 D3 D5 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia no campus virtual.

O alumnado poderá elixir entre unha modalidade de avaliación global ou de avaliación continua.

O alumnado que opte pola modalidade de avaliación global realizará unha única proba final na data oficial establecida, que suporá o 100% da cualificación da materia.

O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Joaquim Brugué y Ricard Gomà Carmona (coord.), **Gobiernos locales y políticas públicas : bienestar social, promoción económica y territorio**, Ariel, 1998

Rafael Jiménez Asensio, **El personal directivo en la administración local**, Diputación de Barcelona, 2009

Enrique José Varela Álvarez, **Gobernanza urbana. Elementos de aprendizaje y estudios de casos**, Icaria, 2011

Enrique José Varela Álvarez (Coord.), **Claves para repensar el gobierno local en Galicia: Horizonte Europa 2020**, Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 2011

Joaquim Filipe Ferraz Esteves de Araújo, Enrique José Varela Álvarez, **La modernización administrativa y la gobernanza en los concellos del Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular**, Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 2009

Bibliografía Complementaria

Carles Ramió Matas, **Dirección pública profesional en la Administración local: ¡Ya! (Primera Parte)**, El blog de es-publico, 2020

Carles Ramió Matas, **Dirección pública profesional en la Administración local: ¡Ya! (Segunda Parte)**, El blog de es-publico, 2020

Recomendacións
